

A VOZ DOS CARRAOS

R E V I S T A O R A L

Nº 1

Sábado, 30 de setembro de 2006. Revista oral de periodicidade semestral, editada polo Museo Provincial do Mar e a *Rede Museística* da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Hora: **19 horas.** Lugar: **Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo** (Lugo). Duración aprox.: **1,30 h.** Coordina: **Antonio Reigosa.**

Este primeiro número da revista oral "A voz dos carraos" dedícase ás persoas, asociacións e institucións que posibilitaron a creación, mantemento e realidade do Museo do Mar de San Cibrao.

Ilustran a revista fotos pertencentes ao arquivo do Museo Provincial do Mar.

SUMARIO

Portada musical

Aqueña terra

Letra e música: Fran
Intérprete: **Fran.** (3')

Museo do Mar: Memoria

Orixe e desenvolvemento do Museo do Mar por **Francisco M. Rivera Casás** (10')

Música

Íntimo

Letra e música: Fran
Intérprete: **Fran.** (3')

Poesía

Roibén de alba, por **Paco Rivas** (5')

Teatro

Katharsis (síntese), de Francisco Piñeiro.
Intérpretes: Grupo **O Bordelo** (Cervo) (8')

Música

Bajo un pie

Letra e música: Fran
Intérprete: **Fran.** (3')

Museo do Mar: Historia

Un retallo de mar nun museo do pobo, por **Ramón Rivas Villares**, da Asociación de Veciños "Cruz da Venta" (10')

Música

María tola toliña

Letra e música: Fran
Intérprete: **Fran.** (3')

Exposición

Caxigueiro (10')

Teatro

A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos (síntese), de F. Piñeiro.
Intérpretes: Grupo **A Adala**, Fazouro (Foz) (8')

Música

Cantábrico

Letra e música: Fran
Intérprete: **Fran.** (3')

Museo do Mar: Vivencias

Curiosidades do mar, por **David A. López Álvarez** (5')

Poesía

Roibén de cea, por **Paco Rivas** (5')

Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, Xerente da *Rede Museística* da Excm. Deputación Provincial de Lugo (5')

Contraportada musical

Primera estación

Letra e música: Fran
Intérprete: **Fran.** (3')

Carrao Carrán común (*Sterna hirundo*) Ave semellante á gaiyota, co rabo gallado, ventre branco e ás gris claro, longas e moi estreiras / Apelativo agarimoso aplicado aos naturais de San Cibrao.

COLABORAN NESTE NÚMERO

Caxigueiro

Mondoñedo, 1955. A súa estadia no Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos propicia a especial relación cos materiais cerámicos, presentes en boa parte da súa obra. A partir do ano 1990, o escultor vai traballar máis preto do concepto de "instalación". A narración, a temática social, a utilización do chan, a presenza da poesía xunto coa mestura de correntes tan diversas como o expresionismo, o conceptualismo e o minimalismo van ser constantes no seu traballo. A súa primeira exposición data do 1980 en Lugo, aínda que será na década dos 90 cando a súa obra desperta maior interese. A frecuente presenza nas galerías galegas, a participación en Arco, Foro Atlántico, etc... ou a inclusión das súas obras nas coleccións máis importantes (Fenosa, Caixa Galicia, Caixavigo, etc...) falan do prestixio acadado na actual arte galega.

Fran (Francisco José García Barcia)

Cantautor nacido en Cervo, en 1973. Participou en diversos concertos, festivais e certames musicais. En 1994 editou a primeira maqueta de *Sombras*, e en 1996 un disco compacto co título *Íntimo*. Mereceu o Primeiro Premio no VII Certame Galego da Canción celebrado en Pontearcas en 1996 e foi finalista no VI Festival da canción do Landro en 1997.

López Álvarez, David A.

Naceu en Ribadeo, onde reside. A súa vida está ligada á Mariña: estudou bacharelato e formación profesional en Ribadeo e traballa en Alúmina-Aluminio. O seu interese por temas mariños en xeral e pola malacología en particular iniciábase aos sete-oito anos cando comeza a coleccionar cunchas, ao tempo que ía recoller *longueiróns* co seu pai aos bancos de area no interior da ría. Aquel pasatempo convertíuse nunha magna colección malacolóxica formada por máis de mil pezas, amosadas en exposicións en Ribadeo, San Cibrao, *Expomar*, Salinas ou Oviedo.

Rivas, Paco

Filólogo, profesor, traductor e escritor. Autor de numerosos estudos diácticos, colabora habitualmente nos medios de comunicación. Como poeta é autor de *Cantaruxos do meu mar e outras cantigas* (1999) e *De ti, perdidamente* (2002). Como filólogo é autor do *Diccionario do mar. Así falan os mariñeiros* (2005). Escritor vocacionalmente moi sensible ao mar e ao mundo mariñeiro.

Rivas Villares, Ramón

Naceu en San Ciprián en 1958. Dende a súa infancia está vencellado ao mundo do mar; faenou na pesca de baixura ata os 15 anos e embarcou no seu primeiro barco de cabotaxe, pasando por diversos barcos e oficios mariños, ata hoxe que desenvolve o seu labor como patrón de embarcación de prácticos no porto de Alcoa en San Ciprián. Membro activo de asociacións socioculturais, comisións, etc., concelleiro en Cervo durante 4 anos, e xerente do Museo do Mar durante 12 anos, sendo un dos seus impulsores e renovadores, dando lugar o que é hoxe en día.

Rivera Casás, Francisco Moisés

Naceu en Magazos o 25 de novembro de 1912. Mestre desde 1931 con varios destinos ata obter a súa praza en propiedade en San Cibrao en 1934, onde exerceu ata 1982. En 1942 realizou en Madrid estudos de capacitación para impartir ensinanzas de orientación marítimo-pesqueira. O 17 de abril de 1943 tomou posesión como mestre desta especialidade, tarefa que compatibilizou co ensino primario. Durante máis de dúas décadas foi preparador de patróns, maquinistas e outros oficios de cabotaxe e pesca. Dirixiu desde o ano 1969 a escola graduada mixta de San Cibrao, en 1978 foi nomeado director do colexio público número 1 e do número 2, cando se crearon aulas especiais para facer fronte á demanda pola implantación de Alúmina-Aluminio. Como activista social e cultural fundou e presidiu o Centro de Iniciativas Turísticas (CIT) a mediados dos setenta, e fundou e dirixiu o Museo do Mar de San Cibrao, do que é director honorario. É autor de varios textos escolares e publicou colaboracións en distintas revistas e xornais galegos. En 1963 recibiu a Cruz de Afonso X o Sabio polo seu traballo docente. Distinguido como "Lucense do Ano" en 1999. A Xunta concedeulle a Medalla de Galicia.

Teatro / Grupos e actores:

A Adala Grupo de teatro fundado por F. Piñeiro en 1999, en Fazouro (Lugo).

Actores que interveñen: Luisa Oroza Paleo, Ramón Couto Castro, M^a Antonio García Cayón, Juan Couto Mon, M^a Antonia Mon Yáñez, Ramón Ares Eiroa, Jorge Manchado Rivero.

O Bordelo Grupo de teatro fundado por F. Piñeiro en 1998, en Cervo (Lugo) no seo da Asociación Cultural "Airiños do Xunco". Suma máis de 200 representacións en Galicia e no occidente asturiano.

Actores que interveñen: José M^a González Díaz-Copa, Antonio González-Patoso, Xosé Vicente Mon Canoura, Alexandre Piñeiro Rodríguez, Dolores Viamonte Rey, M^a Paz Rodríguez Silva, Francisco Piñeiro.

Teatro / Obras:

Katharsis: Da autoría de Francisco Piñeiro. Unha catarse consiste nunha purificación por medio da expresión dramática, unha maneira de liberar no escenario o enfado que todo ser humano padece cando as cousas non van.

A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos: Da autoría de Francisco Piñeiro. Peza nun so acto que da comezo logo das tráxicas mortes do Marqués de Sargadelos e a súa dona, en 1809.

Teatro / Autor e director:

Francisco Piñeiro Natural do Reguengo (Mondoñedo), mestre de profesión, autor, actor e director teatral. É autor de numerosas obras teatrais, algunhas amplamente representadas, tanto para o público adulto como par o infantil, así como de guiños para titeres, teatro de rúa e para radio. Mereceu numerosos premios, entre eles o *Certame Lorenzo Varela e Certame Nacional Belén de Begonte*, os de teatro *Laxeteatro* e *Daniel Cortezón* en varias convocatorias, o de narrativa *Manuel Orestes* e o de poesía *Manuel Orestes*. Entre as súas obras impresas *A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos*, en Ed. do Castro, 2005.